



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Bases reguladoras para a concesión de subvencións ás comisións de festas e asociacións municipais para a contratación de orquestras no marco de celebración das festas patronais e populares do ano 2022 do Concello de Laxe

ANUNCIO

Expte. Admvo. Núm.: 2022/A002/000002

Expte. Decreto núm.: 2023/G003/000166

Por Resolución da alcaldía núm. 156/2023 do 1 de marzo de 2023 aprobouse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións ás comisións de festas e asociacións municipais sen ánimo de lucro para a contratación de orquestras no marco de celebración das festas patronais e populares do ano 2022 do Concello de Laxe, que se publican para xeral coñecemento:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS COMISIÓNS DE FESTAS E ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS NO MARCO DE CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES DO ANO 2022 DO CONCELLO DE LAXE

A presente convocatoria formulase ó abeiro do disposto na resolución da presidencia da Deputación provincial da Coruña nº 2022/25825 do 30 de maio de 2022 (BOP núm. 102 de 31 de maio de 2022) pola que se aproban as bases reguladoras do Programa PEL-CONCELLOS_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas e teñen como obxectivo a reactivación de sectores afectados directamente polas medidas adoptadas para o control da pandemia como é o sector das orquestras e, en concreto, a execución de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras na provincia da Coruña, e contribuír ao mantemento do emprego e a xeración de recursos no sector.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases, elaboradas en base ás condicións e demais requisitos esixidos polas BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PEL – CONCELLOS_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS, INCLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL ANO 2022 (publicadas no BOP núm. 102 de data 31/05/2022) das que este Concello é beneficiario, é regular o procedemento para a concesión de subvencións ás comisións de festas e asociacións municipais do Concello de Laxe que realizasen contratacións de orquestras vinculadas á celebración de festas e verbenas patronais e/ou populares ó aire libre no noso Concello durante o ano 2022, contribuíndo deste xeito á reactivación económica no sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural, e en concreto, do sector das orquestras e verbenas, que por tradición se veñen celebrando no Concello de Laxe.

Estas subvencións rexeranse polo establecido na presente convocatoria; nas bases de execución do presuposto municipal do ano 2022 prorrogado para o exercicio do 2023; no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Laxe para os anos 2020-2023, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso lle sexan aplicables, e na súa falta, nas normas de dereito privado.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer una prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adjudicando, co límite fixado no punto seguinte, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

2. FINANCIAMENTO E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O crédito total para financiar estas axudas é financiado na súa integridade pola subvención outorgada a este Concello pola Deputación Provincial da Coruña, conforme á Resolución de concesión definitiva de subvencións ao abeiro da convocatoria do Programa PEL-concellos- Axudas ao sector das orquestras e verbenas da liña 1.3 do Plan de Emprego

Local publicada no BOP núm. 140 do 26 de xullo do 2022, por un importe de 5.000,00 €, partida orzamentaria municipal 2023.334.480.00, do orzamento do exercicio do 2022 prorrogado para o ano 2023, e ó proxecto de gasto 2022-PELOR.

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades legalmente constituídas como asociacións ou comisións de festas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Ter a súa sede social e desenvolver a súa actividade no termo municipal de Laxe.
- d) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Laxe á data de presentación da solicitude.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co Concello de Laxe e coa seguridade social.
- f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

4. ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN. REQUISITOS DAS ORQUESTRAS.

Serán subvencionables os gastos vinculados á contratación de orquestras para a celebración de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Laxe, sempre e cando as orquestras reúnan os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- Ter unha composición mínima de 6 membros, dos cales ao menos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Que o 80% da súa actividade se centre na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

5. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS.

- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

- Existe obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

- As comisións e asociacións beneficiarias destas axudas deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

- Así mesmo, deberán facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web, así como a do Concello de Laxe.

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberá ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

6. PERÍODO SUBVENCIONABLE.

As actividades obxecto desta convocatoria deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratacións das orquestras poderán realizarse dentro deste período e, en consecuencia, non poderán imputarse aqueles gastos realizados con anterioridade ou posterioridade.

7. GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN.

Serán gastos obxecto de subvención a contratación das orquestras para a realización de festas patronais e populares para desfrute de toda a poboación sempre e cando estas se axusten ós requisitos recollidos no apartados 4 das presentes bases.

8. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN e IMPORTE DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva, sendo as axudas distribuídas de forma proporcional en base ó número de orquestras contratadas e á inversión económica realizada pola comisión de festas ou entidade xurídica organizadora da festa e/ou verbena.

Concederáse un máximo de 1.000,00€ por cada orquestra e día de festa ata un máximo de 3.000,00€ por entidade ou comisión de festas ou asociación municipal solicitante destas axudas.

No caso de que non se conceda o total do importe en base ós criterios establecidos, o sobranche do importe non concedido, repartirase a partes iguais entre as comisións/asociacións que solicitasen a axuda e reúnan os requisitos para a súa concesión.

O órgano competente para a instrución e resolución do expediente é a alcaldía.

A tal efecto, solicitará cantos informes estime necesarios para resolver, así como avaliar as solicitudes que se presenten en tempo e forma, todo iso de conformidade co artigo 24 da Lei 38/2003, de 14 de novembro, Xeneral de Subvencións.

9. FORMA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Laxe de xeito telemático a través da sede electrónica municipal tal e como esixe a normativa vixente, e naqueles casos en que esta tramitación electrónica non sexa posible por causas debidamente xustificadas, admitirase a súa presentación por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En calquera dos casos, o prazo máximo de presentación será de 10 días naturais, a contar desde a publicación do ANUNCIO da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Xunto coa instancia de solicitude de subvencións que será asinada polo presidente ou cargo representativo da asociación ou comisión de festas solicitante, deberá achegarse a seguinte documentación, de acordo cos modelos de ANEXOS facilitados polo Concello de Laxe e que estarán dispoñibles tanto na páxina web municipal como de forma impresa nas oficinas xerais da Casa do Concello:

- Copia do CIF da asociación ou comisión organizadora da festa.
- Copia do DNI da persoa solicitante e acreditación da representación.
- Certificación da conta bancaria da asociación ou comisión solicitante.
- Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou ou obtivo doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, e a súa contía (Anexo II)
- Memoria da actividade realizada. (Anexo III)
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co Concello de Laxe e coa seguridade social, conforme á base 3e) (Anexo IV)
- Declaración responsable de que ás orquestras a contratar cumpren os requisitos recollidos no punto 4 de estas bases, sen prexuízo de ter que presentar a documentación pertinente no caso de ser esixida (Anexo IV).
- Achega da información (impresa, informática ou audiovisual) que fixesen da festa para a que solicitan a axuda).

11. RESOLUCIÓN E EMENDA DE SOLICITUDES.

As solicitudes que cumpran cos requisitos previstos nestas bases, serán propostas para a concesión das axudas pola Comisión de Valoración que se constituía a alcaldía para a súa resolución en sentido favorable ou desfavorable segundo corresponda.

O Concello poderá requirir ás entidades solicitantes para que acheguen canta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a súa solicitude así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados nela, ou na documentación presentada para a xustificación da achega, no prazo de 10 días naturais a partir do seguinte á notificación do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude e arquivase o expediente administrativo de solicitude da axuda.

A Resolución de concesión ditarase no prazo máximo de 15 días hábiles dende a finalización do prazo para a presentación das solicitudes.

As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal facendo efecto de notificación colectiva a publicación en dito taboleiro da sede electrónica municipal, seguindo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ou acordo de concesión de subvencións deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido e a desestimación do resto de solicitudes indicando o motivo da mesma.

O acordo de Resolución esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra devandita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

12. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

a. Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b. Destinar a subvención exclusivamente aos fins para a que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino.

c. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades (sendo obrigatorio a concertación dun seguro de responsabilidade civil no seu caso).

d. Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

e. Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g. Informar e dar publicidade das axudas concedidas, facendo constar a finalidade e o importe da axuda outorgada polo Concello de Laxe en base ó PROGRAMA PEL – CONCELLOS_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS que para o exercicio 2022 promoveu a Deputación da Coruña, podendo consistir na inclusión das imaxes institucionais, así como lendas ou comunicados relativas ao financiamento en carteis, placas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

13. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A data límite para presentar a xustificación, será o 14 de abril do 2023.

A documentación requirida para a xustificación da concesión da subvención, deberán presentarse no Concello de Laxe do mesmo xeito que se indicou para realización da súa solicitude.

Xunto cunha instancia de solicitude xeral, dispoñible tanto na sede electrónica municipal como nas Oficinas xerais da Casa do Concello, deberá achegarse a seguinte documentación, de acordo cos modelos de xustificación facilitados polo Concello de Laxe:

- Facturas das contratacións das orquestras contratadas, polos importes especificados na memoria de gastos presentada e que serán obrigatoriamente os que foran motivo da concesión subvención. A asociación ou comisión de festas, deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Xustificante bancario do pagamento das facturas presentadas.
- Certificados de estar ó corrente a asociación/comisión súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co Concello de Laxe e coa seguridade social ou, en casos debidamente xustificadas, autorización para que o Concello de Laxe realice estas comprobacións. (Anexo V)
- Calquera outro que sexa solicitado polo concello.

Unha vez xustificada a subvención, o seu aboamento farase en todo caso antes do 25 de abril de 2023.

En todo caso, o importe dos gastos xustificadas deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida polo Concello de Laxe. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta, darase un prazo de cinco días para a súa corrección.

14. REGULACIÓN SUPLETORIA.

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de Execución do Orzamento do Concello de Laxe.

15. REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) referido á invalidez da resolución da concesión e nos supostos previstos con carácter xeral no dito artigo.

O procedemento de reintegro rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

16. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

O Concello de Laxe, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei Xeral de Subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as persoas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

17. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais obtidos nos procedementos derivados destas bases serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Laxe, baseándose no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixital.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

En Laxe, 1 de marzo de 2023

O alcalde,

José Luis Pérez Añón

ANEXO II.**DECLARACIÓN XURADA**

D./Dña. _____, con NIF _____, en calidade de
_____ da Comisión/Asociación _____,

DECLARO:

- Esta Comisión/Asociación solicitou axuda doutro organismo para o mesmo fin?. SI NON
- Contía que obtivo por outras axudas ou subvencións. _____

En Laxe a _____ de _____ de 2023

Asdo.

ANEXO III.

MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A AXUDA

DENOMINACIÓN DA FESTA	
LUGAR DE REALIZACIÓN E LOCALIDADE	
DÍAS/S DE REALIZACIÓN	
ORQUESTRA/S CONTRATADAS E IMPORTES DA CONTRATACIÓN	
BREVE DESCRICIÓN DA/S ORQUESTRA/S (domicilio fiscal, número de membros, antigüidade, área de actuación, actividades realizadas)	

En Laxe a ____ de _____ de 2023

Asdo.

ANEXO IV.**DECLARACIÓN XURADA**

D./Dña. _____, con NIF _____, en calidade de _____ da
Comisión/Asociación _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE :

- Que reúne todos os requisitos para ser beneficiario das axudas convocadas polo concello de Laxe no marco do PEL CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS INCLÚIDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA:
 - Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
 - Carecer de fins de lucro.
 - Desenvolver as súas actividades no Concello de Laxe.
 - Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
 - Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa seguridade social, segundo o punto 3 e) das bases.
 - Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- Que a orquestra que se contrata reúne todos e cada un dos requisitos sinalados na base cuarta da convocatoria tal como se detalla na memoria da actividade realizada.

En Laxe a ____ de _____ de 2023

Asdo.

ANEXO V.**AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

D./Dna. _____, con NIF _____, en calidade de _____ da
Comisión/Asociación _____,

ao obxecto de acreditar estar ó corrente coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e co Concello de Laxe,

SOLICITO e AUTORIZO:

- Que sexa o Concello de Laxe quen practique de oficio estas comprobacións.

En Laxe a ____ de _____ de 2023

Asdo.

2023/1502